Observer®
TurismoCientífico

Inclúe mapas

PARQUE NACIONAL
Illas Atlánticas de Galicia

Un mar de ciencia, un mar de illas

- Cíes
- Ons
- Sálvora
- Cortegada

4 RUTAS
+ 75 PUNTOS DE INTERESE

PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE
DAS ILLAS ATLÁNTICAS
DE GALICIA

GCiencia
xornalismo+divulgación

RUTAS DE TURISMO CIENTÍFICO

máis info.

RUTAS DE CIENCIA CERTIFICADAS

PARQUE NACIONAL
ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

Cíes, Ons, Sálvora, Cortegada

✓ 70 Puntos de Interese

Observer® TurismoCientifico

ObserverScienceTourism.com

Accede a máis información, rutas e contidos en ObseverScienceTourism.com

XUNTA DE GALICIA

PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

OBSERVER
R/ Lope Gómez de Marzoa,
Edificio FEUGA, 15782 Santiago de Compostela, A Coruña, España

Edición: © Observer Science Tourism

Maquetación e deseño de mapas:
Natanael Maudo - Graphic designer

O contido desta obra está protexido por Lei. Queda prohibida a súa total reprodución, transformación, copia ou comunicación, total ou parcial, sen previa autorización de Observer®.

Axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Eurpea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023.

Únete á nosa comunidade de viaxeiros/as apaixonados/as pola ciencia e comparte as túas fotografías e experiencias nas nosas redes sociais

twitter.com/sciencetourism

@observer_science_tourism

facebook.com/observersciencetourism.com

Se queres descubrir máis destinos, acceder a información útil como rutas e actividades, dáte de alta en Observer® e poderás estar ao día dos destinos de ciencia máis fascinantes!

www.observersciencetourism.com

info@observersciencetourism.com

Contidos

Illas Atlánticas, un destino de ciencia 6

Mapa Xeral 8

Informacións esenciais 10

Destinos de ciencia:

RUTA 1: Illas Cíes 13

Mapa Illas Cíes 14
Praia de Rodas 16
Lago dos Nenos 20
Centro de Visitantes (antigo Mosteiro de Santo Estevo) 24
Praia da Nosa Señora 28
Faro de Cíes 32
Pedra da Campá 36
Observatorio ornitolóxico 40
Praia de Figueiras 44
Alto do Príncipe 48

RUTA 2: Illa de Ons 53

Mapa Illa de Ons 54
Praia das Dornas 56
Centro de Visitantes (antiga escola) 58
Praia Area dos Cans 62
Praia do Canexol 66
Mirador de Fedorentos 70
Buraco do Inferno 72
Castelo dos Mouros 74
Faro de Ons 78
Punta Centolo 82
Praia de Melide 86

Ruta 3: Illa de Sálvora 89

Mapa Illa de Sálvora 90
Praia do Castelo 92
Pazo de Goyanes 96
Aldea 100
Os Bolos 102
Faro de Sálvora 106

Ruta 4: Illa de Cortegada 111

Mapa Illa de Cortegada 112
Ermida da Virxe de Cortegada 114
A Aldea 118
Antigo cuartel da garda de asalto 122
Praia de Sartaxéns 126

Bibliografía 131

Illas Atlánticas, un destino de ciencia

«O mar, unha vez que lanza o seu feitizo, gárdanos na súa rede de marabillas para sempre.»

– Jacques-Yves Cousteau

A creación do Parque Nacional Marítimo-Terrestre Illas Atlánticas de Galicia (PNMTIAG), no ano 2002, supuxo un gran recoñecemento para os pioneiros que loitaron por un mundo no que puidéramos convivir coa natureza, e así preservala para as xeracións futuras.

Visitar calquera das illas que conforman este espazo protexido, é mergullarse nunha das contornas naturais máis emblemáticas da costa galega e afondar na súa cultura.

Localizadas nas famosas Rías Baixas, estas illas constituen unha fermosa barreira natural que protexe a liña de costa. Nelas, as forzas da natureza poñen a proba a valentía dos inmensos bloques graníticos que as conforman, dando lugar a unha paisaxe de contrastes. Os abruptos acantilados, que miran desafiantes o inmenso océano, contrastan con fermosas praias e dunas de area branca. Todo un universo marcado pola salitre, no que a vexetación foise adaptando a vivir nun entorno hostil e no que as aves mariñas atoparon refuxio, formando algunhas das colonias máis grandes de Europa. O Parque Nacional Illas Atlanticas de Galicia é un cúmulo de emocións salgadas que non deixan indiferente a ningún dos visitantes que deciden achegarse a admiralo.

Grazas a unha contorna privilexiada, as illas de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada convertéronse tamén en testigos da historia. Ao longo dos tempos, os seus habitantes deixaron pegadas en forma de castros, mosteiros, fábricas de salgadura, dornas e multitude de lendas que farán que o visitante sexa partícipe dun patrimonio cultural e etnográfico de incalculable valor.

Con todo, e sen dúbida, o maior segredo deste Parque Nacional agóchase baixo a superficie. A produtividade das súas augas e a multitude de ambientes mariños que o conforman, son a orixe dun ecosistema único no mundo, no que a biodiversidade da flora e fauna mariñas son o tesouro máis prezado.

Observer®

Mapa Xeral

NOME
Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia

CATRO ARQUIPÉLAGOS
Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada

COMUNIDADE AUTÓNOMA
Galicia

PROVINCIAS
Pontevedra e A Coruña

MUNICIPIOS
Vigo, Bueu, Vilagarcía de Arousa e Ribeira

SUPERFICIE
8.333 hectáreas totais [1.194,8 ha terrestres (14%) e 7.285,2 ha marinas (86%)]

DATA DE CREACIÓN
1 de xullo de 2002, mediante a lei 15/2002

OUTRAS FIGURAS DE PROTECIÓN
Parque Natural desde 1980.
Zona de Especial Protección para Aves (ZEPA) desde 1988.
Zona de Especial Conservación (ZEC) "Islas Cíes"

Informacións esenciais

Como preparar a visita ao Parque Nacional das Illas Atlánticas

Antes de visitar calquera das illas que conforman este Parque Nacional é necesario ter en conta os seguintes aspectos:

Hai que obter unha autorización da Xunta de Galicia para visitar Cíes e Ons en tempada alta. Pode facerse na web: autorizacionillasatlanticas.xunta.gal

Ao ser un Espazo Natural Protexido é necesario seguir as directrices do Parque, e no posible, colaborar na conservación da súa biodiversidade:

- Camiñar polos carreiros sinalizados.
- Non hai papeleiras, polo que se deberá levar unha bolsa para recoller o lixo e depositalo nos contedores correspondentes á volta da visita.
- Está prohibido coller cunchas, flores, rochas, area, etc. Son moitas as persoas que visitan o Parque e un pequeno xesto repetido moitas veces pode converterse nun problema.
- Non alimentar a aves e peixes e outros animais, para non alterar o seu comportamento natural.
- Independentemente da época do ano, recoméndase levar calzado deportivo cómodo, auga, protección solar e roupa de abrigo.
- Para aqueles visitantes que queiran gozar do avistamento de aves ou da práctica de snorquel, recomendamos non esquecer os prismáticos, as lentes de mergullo e o neopreno.

Como chegar ás illas?

Existen varias maneiras de chegar ás illas:

En transporte público

Para visitar o archipélago de Cíes e a illa de Ons, en tempada alta (Semana Santa, e do 15 maio-15 setembro), debes obter a autorización previa da Xunta de Galicia para adquirir posteriormente o billete nunha navieira. Para visitalas en tempada baixa só poderá facerse a través de grupos con guía.

Podes solicitar a túa autorización na web: autorizacionillasatlanticas.xunta.gal

Para coñecer ás illas de Sálvora e Cortegada é a propia navieira quen tramita a autorización para a visita dos grupos.

Consulta a información sobre os portos de saída para cada un dos arquipélagos, así como, as navieiras autorizadas, no apartado de visita da illa escollida. No caso de Cortegada existen, ademais, empresas que permiten realizar a visita guiada á illa en kaiak.

Recoméndamosche que contactes co Centro de Visitantes do Parque Nacional para ter unha información previa máis detallada e poder planificar a túa visita.

En barco privado

Pódese facer a visita calquera día do ano, mais é necesario contar cos permisos de navegación e fondeo, expedidos polo Parque Nacional. O formulario para solicitalos pódese descargar na web: autorizacionillasatlanticas.xunta.gal, no apartado de autorizacións.

A solicitude, unha vez cuberta, pódela remitir por correo electrónico, correo ordinario ou fax ás oficinas do Parque Nacional. Unha vez obtido o permiso de navegación xa se poden solicitar de maneira telemática os permisos de fondeo para aqueles días que queiras fondear nas illas.

Existen distintas compañías de alugueiro de barcos privados que permiten visitar as illas do Parque Nacional, adoitando expedir elas mesmas o permiso de acceso ás illas.

Cun clube de mergullo

Pódese realizar a visita todo o ano dependendo das actividades deseñadas por cada clube. É necesario ter en conta que se necesita un permiso de acceso, que adoita ser expedido polo clube no que se contrata a actividade.

Para saber máis: illasatlanticas.gal/é/visita-o-parque

Onde durmir?

Existen zonas de acampada nas illas Cíes e na illa de Ons. É preciso facer a reserva previamente para pernoitar, debido a que existe unha cota diaria máxima de visitantes en cada unha das illas.

Outros servizos

Nas illas do Parque, dependendo da tempada, hai servizos como restauración, aloxamento ou urxencias médicas:

Servizos médicos diúrnos nas illas Cíes e Ons durante a tempada alta. Mais, é conveniente informarse no Parque de calquera necesidade especial que se precise, antes de viaxar.

En Cíes e Ons existen servizos de restauración e baños públicos.

Para máis información débese contactar coas oficinas do Parque Nacional na Rúa Oliva 3, en VIGO (Pontevedra).

Correo electrónico: iatlanticas@xunta.gal
Teléfono: +34 886 21 80 90